

ROTEIROS VERDES DA USC

“Árbores con proveito”

Coordinación: M^a Isabel Fraga Vila

Autores: Celestino Quintela Sabarís
Martín Souto Souto
Francisco Leonardo Docanto
Xan Guerra Bouzas

Museo de Historia Natural
Universidade de Santiago de Compostela

Xuño, 2008

D.L.: C 4587-2008
ISBN: 978-84-691-8188-1

© Museo de Historia Natural

ROTEIRO 3: Árbores con proveito



Panorâmica Campus Sur

En amarelo área do roteiro

- 1 Pradairo prateado
- 2 Loendro
- 3 Loureiro
- 4 Cedro do Atlas
- 5 Alcipreste común
- 6 Xinkgo
- 7 Criptomeria
- 8 Plátano de sombra
- 9 Teixo
- 10 Acivro
- 11 Sabugueiro

- Alimentación
- Medicinal
- Madeira
- Cultural

Roteiro 3. “Árbores con proveito”

Alén do valor intrínseco que posúe a biodiversidade, as árbores e arbustos supuxeron xa desde hai milleiros de anos unha fonte de recursos: madeira, alimento, medicina..., para o ser humano. Mais certas especies tamén foron orixe de lendas e tradicións, de xeito que para moitas culturas as árbores tiveron o papel de protectoras espirituais ou mesmo de sustentadoras do universo. Neste roteiro coñeceremos moitos segredos das árbores!

***Acer saccharinum* (pradairo prateado): irmán do xarope de Canadá.**



Esta especie, moi frecuente no Campus Sur da USC, caracterízase polas súas follas palmeadas con lóbulos moi fondos e envés prateado. Do *Acer saccharum* e do *Acer nigrum*, especies parentes do pradairo prateado e tamén orixinarias do leste de América do Norte extráese unha resina da que se obtén o xarope de pradairo (maple syrup). Canadá, e máis concretamente o Quebec, é o maior produtor deste xarope (o 80% da produción mundial xérase no Quebec), consumido na alimentación e repostería tanto nos EUA como en Canadá. Os pradairos son importantes tanto polo seu valor económico (xarope) como cultural. A bandeira de Canadá incorporou en 1965 unha folla de pradairo como símbolo característico dese país.

***Nerium oleander* (loendro): coidado co corazón!**



O loendro é un arbusto propio de barrancos e regatos da rexión mediterránea que posúe unha floración moi vistosa, con grandes flores rosas ou abrancazadas, agrupadas nos extremos das pólas; motivo polo cal é empregada frecuentemente en xardinaría. Todas as partes desta planta (follas, flores, pólas, froitos e sementes) son venenosas, ao conter grandes cantidades de glucósidos cardiotónicos. Estes principios activos, semellantes aos que contén o estalote (*Digitalis purpurea*) provocan alteracións no ritmo cardíaco que poden desembocar na morte no caso de

intoxicacións severas. Tradicionalmente empregouse como remedio contra a sarna, aplicando un emplasto de follas frescas sobre a pel.

***Laurus nobilis* (loureiro): vitoria e marisco.**



Aparte do uso culinario (unha póla de loureiro é imprescindible para preparar un bo marisco), esta árbore, orixinaria da rexión mediterránea, ten outros usos e un gran valor simbólico.

As lendas gregas sinalan que a ninfa Daphne, fuxindo do deus Apolo converteuse en loureiro, pasando a ser esta planta a árbore sagrada de Apolo. Por este motivo, a coroa de loureiro era o trofeo entregado aos vencedores dos Xogos Píticos (xogos dedicados a Apolo e celebrados en Delfos cada oito anos). Os romanos adoptaron esta costume, de xeito que se recibía aos

xenerais vitoriosos cubríndoos cunha coroa de loureiro, manténdose este como símbolo de vitoria até os nosos días (por exemplo, a palabra laureado é sinónimo de galardado).

Na cultura popular galega, unha póla de loureiro (ou de oliveira) colocada sobre a porta da casa ou da corte protexía contra as treboadas, os malos espíritos ou as bruxas e evitaba que a envexa prexudicara aos meniños ou aos animais da casa.

***Cedrus atlantica* (cedro do Atlas): máis madeira!**



Este cedro é unha das dúas especies do xénero *Cedrus* que se poden topar nos campus da USC. Algúns autores sosteñen que este cedro e o cedro do Líbano (que aparece na bandeira deste país do mediterráneo) son a mesma especie, de xeito que estaríamos a falar do *Cedrus libani* subsp. *atlantica*. A madeira de cedro (aromática, duradeira, pouco sensíbel ao ataque dos insectos e a putrefacción) foi un tesouro moi apreciado desde a idade antiga; numerosos pazos e templos de Exipto, Grecia, Israel, Mesopotamia, Persia... incluíron a madeira de cedro na súa construción, e incluso se elaboraron esculturas de deuses cos cedros. Os fenicios adoitaban construír as súas naves comerciais con madeira desta especie. Na actualidade, emprégase tamén para fabricar os lapis de cores.

***Cupressus sempervirens* (alcipreste común): imprescindible para Noé.**



Esta árbore de porte columnar e orixinaria de Oriente Próximo, ten un marcado simbolismo funerario, sendo moi habitual nos cemiterios. Para os gregos esta árbore estaba consagrada a Hades, o deus dos mortos, pois unha vez cortado, o coto non agromaba. Outros historiadores romanos (Horacio e Plinio) sinalaban que enterraban aos mortos cunha póla de alcipreste, ou que esta colocada enriba da porta era símbolo funerario. Porén tamén ten unha vinculación coa vida, xa que segundo conta a historia, foi a madeira desta árbore a que se empregou para construír a arca de Noé, grazas á cal (segundo sigue contando a lenda) se salvaron moitas especies de morreren afogadas no Diluvio.

***Ginkgo biloba* (xinkgo): unha árbore supervivente.**



O xinkgo, orixinario do leste da China, é unha árbore supervivente en todos os aspectos. Esta árbore foi redescuberta polos europeos en 1690 en Xapón, pois até entón soamente se coñecía a súa existencia polo rexistro fósil. O seu cultivo deuse desde antigo nos templos budistas de China (onde se cre que algún exemplar cultivado pode ter máis de 1 500 anos de antigüidade) e no Xapón. Á parte do seu uso ornamental (pola súa cor dourada no outono), como pola súa elevada resistencia á contaminación que se dá nas cidades, o xinkgo ten moitas aplicacións culinarias, medicinais e incluso insecticidas. Ademais, o xinkgo é un símbolo pacifista: unha árbore desta especie foi a única planta supervivente a menos de 1 500 m do lugar onde caeu a bomba atómica de Hiroshima. Aínda que a enerxía da explosión queimou a árbore, ao ano seguinte volveu a agromar.

***Cryptomeria japonica* (criptomeria): a árbore de Xapón.**



O sugi (que é como se coñece a esta árbore en Xapón) é a árbore nacional dese país. A súa madeira ten múltiples aplicacións, para a construción de casas, embarcacións, móbeis, paneis, caixas. A codia separábase coidadosamente e empregábase como tellado para as casas. O grande aproveitamento fixo que na actualidade esta planta, aínda que non estea en perigo de extinción, se sitúe nun estado de *case ameazada*. Ademais, é reverenciado en Xapón e adóitase plantar nos templos e nas tumbas de persoas ilustres. Conta a lenda que un nobre xaponés sen moitos cartos, pediu plantar unha avenida de criptomérias no contorno da tumba dun gran xeneral na vila de Nikko. Esta avenida que mide máis de 65 km de lonxitude, mantense na actualidade con árbores de máis de 400 anos de idade.

***Platanus orientalis* (plátano de sombra): vencedor dos persas.**



O plátano de sombra é unha árbore imprescindíbel (xa desde as ágoras gregas) en parques, prazas e avenidas onde, debido ao seu gran tamaño e copa esférica, agasalla coa súa sombra. Orixinario da rexión mediterránea oriental, existen varias lendas que relacionan a esta árbore co rei Xerxes. Unha delas di que en Frixia topou un gran plátano, e que maravillado por esa árbore, ficou co seu exército detido durante tres días, poñendo o pavillón real ao pé dese plátano. Outra lenda di que Xerxes ao topar esa árbore, mandouna decorar con ouro e deixou a un dos seus soldados

“inmortais” para protexela. Sexa como for a lenda, a admiración humana polas árbores vén xa de antigo!

***Taxus baccata* (teixo): veneno contra o cáncer.**



O teixo é unha das dúas únicas especies de ximnospermas autóctonas da Galicia. Especie dioica, é dicir, que hai individuos macho e individuos femia. Toda a planta é tóxica, agás un arilo carnoso de cor vermella que rodea ás sementes.

O seu carácter velenoso é coñecido de antigo. Moitas historias de invasións romanas a pobos do norte e oeste de Europa (Inglaterra, Cantabria, Galicia) fan referencias a que os nativos, cercados polas lexións romanas, preferían suicidarse tomando teixo ou coa espada antes que renderse aos inimigos.

Do nome celta desta planta (eburos) procede o nome da vila portuguesa de Évora ou a vila inglesa de York (*Eburacum* en latino)

Na actualidade un dos compostos tóxicos do teixo do pacífico (*Taxus brevifolia*), coñecido comercialmente como *taxol*, estase a empregar para combater varios tipos de cancro: ovario, mama e Sarcoma de Kaposi.

***Ilex aquifolium* (acivro, xardón): un tesouro na montaña.**



Este arbusto é común en Galicia, aparecendo exemplares illados formando o sotobosque de fragas. Na zona oriental do noso país, especialmente na serra dos Ancares, como resultado do manexo humano dos bosques, perduran formacións monoespecíficas desta planta, con individuos que superan o século de idade. Nesta serra tradicionalmente recollíase a codia interna do acivro, que cocida e tratada servía para obter un pegamento chamado *liga* que se empregaba, entre outros usos, para cazar paxaros. A madeira de acivro, de calidade semellante á do buxo, emprégase en ebanistaría (tinxida de negro) como imitación do ébano.

Toda a planta é tóxica, aínda que as follas cocidas téñense empregado como remedio da gota, o reumatismo, a diarrea ou mesmo a gripe.

Sambucus nigra (sabugueiro, bieiteiro): **dos refrescos á mala sorte.**



Este arbusto ten unha estrutura característica nos seus caules, cunha medula interna mol e doada de eliminar, polo que o sabugueiro foi empregado para construír as primeiras requintas (un tipo de fruta propia da bisbarra do Ulla) e como xoguete, para facer tirabólas ou “pistolas de sabugueiro”. Toda a planta, agás flores e froitos, é tóxica. Coas flores e moito azucre elabórase unha xelea empregada como condimento para refrescos. En Portugal a lenda di que a cruz onde cravarón a Cristo estaba feita de sabugueiro, e por iso, ao esmagar os froitos sae un

líquido vermello como o sangue. Noutros países este arbusto considérase portador de mala sorte, e no caso de que se corte algunha planta desta especie, un espírito chamado a *Nai do Sabugueiro* (“Elder Mother”) sairá para tomar a súa vinganza.

